



**Amigos
da Terra**

Instrumentos legais para a defesa do medio ambiente

Un manual práctico



Redacción: Montserrat Valencia León. Asesora Xurídica de Amigos da Terra.

Fotografías: Amigos da Terra

Edita:



**Amigos
da Terra**

Ourense, novembro de 2007.

Depósito legal: VG-325/2008

Impreso en papel reciclado

Índice

Presentación 7

Obxectivos xerais 9

- O por que deste Manual Práctico 9
- Que é Medio Ambiente? 9
- Que é o Dereito Ambiental? 10

Obxectivos específicos 11

- Que é unha Infracción Administrativa Ambiental? 11
- Que é un Delito Penal Ambiental? 11
- Que se pode denunciar? 11
- Cando se trata dunha agresión ambiental? 12
- Tipos de denuncias 19
- A Lei 27/2006, do 18 de xullo,
sobre o dereito de acceso á información ambiental,
o dereito de participación da cidadanía e
o dereito de acceso á xustiza 33
- Onde buscar lexislación ambiental galega? 39



Presentación

Este proxecto ten como obxectivo primordial conseguir o desenvolvemento dunha conciencia ambiental no cidadán mediante a súa motivación e implicación, co fin de modificar os hábitos de comportamento, acadando así a promoción do desenvolvemento sostible.

A edición deste manual práctico recolle os instrumentos básicos do mundo xurídico para a defensa do medio ambiente, proporcionando unha ferramenta para que o cidadán, como parte integrante do entorno, desenvolva a súa responsabilidade de crítica e denuncia.

Para poder comprender o que ocorre ao noso arredor e saber en cada momento e con exactitude de que estamos a falar, é fundamental que coñezamos un conxunto de termos xurídicos básicos.

A sensibilización ambiental non é, nin máis nin menos, que o decatarse do que acontece no noso entorno e os cambios e efectos que estamos provocando en todo o que nos rodea. Unha boa educación ambiental vainos ensinar como tratar de minimizar e evitar estes efectos.



Obxectivos xerais

O por que deste Manual Práctico.

Este Manual pretende ser unha introdución básica á linguaxe xurídico-ambiental. Vai permitir orientar ao cidadán á hora de elaborar unha denuncia ambiental. O por que desta necesidade estriba na complexidade que deriva do mundo xurídico e administrativo. Os instrumentos legais para defender o medio ambiente fóronse multiplicando nos últimos anos, por iso é moi complicado que a cidadanía teña un coñecemento integral de todos eles. Existen miles de normas que compoñen o dereito ambiental que se deben coñecer e aplicar pero, tendo en conta que o modelo de desenvolvemento que impera na nosa sociedade vai en detrimento da conservación do medio ambiente, é necesario dar á cidadanía as pautas necesarias e de doado manexo á hora de denunciar unha agresión ambiental.

A contribución deste Manual na consecución do obxectivo da denuncia ambiental cidadá, é a aportación dunha información básica que transmita a idea de responsabilidade que todos temos na conservación e protección ambiental.

Que é Medio Ambiente?

Enténdese por medio ambiente o entorno que afecta e condiciona especialmente ás circunstancias de vida das persoas ou á sociedade no seu conxunto. Comprende o conxunto de valores naturais, sociais e culturais existentes nun lugar e nun momento determinado, que inflúen na vida do ser humano e nas súas xeracións vindeiras. É dicir, non se trata só do espazo no que se desenvolve a vida, senón que

tamén abarca seres vivos, obxectos, auga, solo, aire e as relacións entre eles, así como elementos tales como a cultura, a sociedade, a economía ou a política.

Que é o Dereito Ambiental?

É o medio axeitado para a ordenación de toda conducta humana con incidencia ambiental. A función que o dereito debe desempeñar na protección ambiental depende, en gran parte, da existencia na sociedade dunha auténtica conciencia ambiental. O dereito ambiental preséntase entón como dereito regulador do desenvolvemento sostible, porque a xestión dos recursos naturais non pode continuar atrapada en esquemas legais que non funcionan.



Obxectivos específicos

Que é unha “Infracción Administrativa Ambiental”?

Prodúcese esta infracción cando a agresión ambiental é susceptible de ser así cualificada pola lexislación administrativa ambiental. A lexislación administrativa ambiental é o conxunto de normas xurídicas ambientais que regulan o funcionamento, atribucións e responsabilidades da Administración Pública na súa relación co medio ambiente.

Que é un “Delito Penal Ambiental”?

Cando a agresión ambiental é susceptible de ser así cualificada pola lexislación penal, é dicir, cando é un delito tipificado e recollido polo Código Penal de 1.995. O delito penal contra o medio ambiente coñécese como “*delito ecolóxico*”.

Este delito da lugar á tramitación dun procedemento penal, que se pode iniciar con dilixencias previas para a posterior comprobación dos feitos e dos autores, e que pode continuar co procesamento dos mesmos, seguido dunha vista oral ou xuízo, rematando cunha sentenza. Este procedemento penal pódese iniciar tanto como consecuencia dunha denuncia particular como tamén cunha denuncia *de oficio*, é dicir, a iniciativa da propia Administración.

Que se pode denunciar?

Todo aquilo que sexa susceptible de danar ao entorno natural e que puidera devir nunha agresión ao medio ambiente. Todos e todas nós temos a obriga de denunciar aquelas agresións ao Medio Ambiente das que sexamos conscientes.

Cando se trata dunha agresión ambiental?

A AUGA

As actividades humanas que afectan, directa ou indirectamente, á auga, tanto de mares como de ríos, con actividades contaminantes, verquidos ou o depósito de certos produtos tóxicos. Os usos da auga requiren autorización administrativa.

A contaminación das augas enmárcanse nalgunha das tres clasificacións seguintes:

- Contaminación industrial.
- Contaminación doméstica.
- Contaminación agrícola.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DENUNCIABLES:

1. Verquidos de augas fecais sen depurar a ríos ou mares
2. Verquidos de produtos químicos e/ou perigosos a ríos ou mares
3. Presenza de numerosos peixes, cangrexos e outras especies mortas
4. Votar lixo ao mar
5. Verquido de augas residuais aos canles públicos
6. Desvíos das canles dos ríos
7. Contaminación de auga en xeral
8. Pesca e actividades ilegais en ríos e mares

EXEMPLOS DE LEIS BÁSICAS:

- *Real Decreto Legislativo 1/2001, de 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas*

- *Lei 22/1988, de 28 xullo, de Costas*
- *Lei 8/1993, de 23 de xuño, reguladora da Administración Hidráulica de Galicia*

OS RESIDUOS

Os residuos defínense como “*elementos, substancias, desfeitos ou obxectos dos cales o/a posuidor/a se desprende ou ten intención de desfacer*”. Poden ser tanto materiais, sólidos, líquidos como gaseosos. Os residuos como substancias ou obxectos destinados ao abandono, deben ser caracterizados e tratados correctamente para detectar o seu nivel de peligrosidade e a súa correcta eliminación.

A clasificación dos residuos é a seguinte:

- Residuos sólidos urbanos
- Residuos industriais
- Residuos agrarios
- Residuos sanitarios (médicos e de laboratorio)
- Residuos radiactivos

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DENUNCIABLES:

1. Depósitos non autorizados.
2. Depositar lixo en lugares non autorizados e non respectar os horarios de recollida.
3. Depositar desfeitos tóxicos ou sanitarios en lugares que non corresponda.
4. Botar lixo ou desperdicios á praia.
5. Problemas relacionados cos residuos municipais.
6. Limpeza e restauración de terreos afectados por verquidos.

EXEMPLOS DE LEIS BÁSICAS:

- *Lei 10/1998, de 21 de abril, de residuos.*
- *Lei 10/1997, de 22 de agosto, de residuos sólidos urbanos de Galicia.*
- *Decreto 174/2005, de 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia.*

AS EMISIÓNS Á ATMOSFERA

Algunhas actividades humanas como o emprego de vehículos, industrias, calefaccións,... xeran emisións á atmosfera. A presenza de contaminantes no ar é prexudicial para a saúde das persoas, afectando ao medio ambiente e á calidade de vida dos que habitan o planeta.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DENUNCIABLES:

1. Emanacións tóxicas ao medio ambiente.
2. Operacións sen autorización.
3. Emisións industriais, incineradoras ou outras fontes como vertedoiros.
4. Contaminación acústica (é a causada polos ruídos que superan o máximo permitido pola lei).
5. Ruídos, fumes, cheiros de actividades comerciais, industriais ou domésticas.
6. Actividades que non dispoñen da correspondente licenza municipal de actividades.

EXEMPLOS DE LEIS BÁSICAS:

- *Lei 38/1972, de 22 de decembro, de protección do ambiente atmosférico.*
- *Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia.*
- *Lei 8/2002, de 18 de decembro, de protección do ambiente atmosférico de Galicia.*
- *Lei 12/1995, de 29 de decembro, do imposto sobre a contaminación atmosférica.*

OS ESPAZOS PROTEXIDOS

Son os espazos onde existe unha inmensa riqueza natural que fan que o Estado lles outorgue maior protección a través dunha normativa específica. Inclúense, por exemplo, Parques Naturais, Zona de Especial Protección das Aves e Reservas Naturais de Fauna Salvaxe, entre outros.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DENUNCIABLES:

1. Talas de árbores sen autorización.
2. Paso de vehículos a motor en espazos protexidos ou en sendeiros non permitidos.
3. Incendios e lumes sen autorización.
4. Construcións non autorizadas e en zonas protexidas.

EXEMPLOS DE LEIS BÁSICAS:

- *Lei 4/1989, de 27 de maio, de conservación dos Espazos Naturais e da Flora e Fauna Silvestre.*

- *Lei 9/2001, de 21 de agosto, de conservación da natureza.*
- *Real Decreto 439/90, do 30 de marzo, regulador do Catálogo Nacional de especies ameazadas.*

A FLORA E A FAUNA

Existen normas que tenden a evitar os probables efectos prexudiciais das actividades que leva a cabo o ser humano. Por iso é fundamental protexer e conservar especies e xéneros de flora e fauna. Hai certas especies de flora e fauna que constitúen un elemento irremprazable dos sistemas naturais.

EXEMPLOS DE ACTIVIDADES DENUNCIABLES:

1. Animais silvestres en perigo.
2. Caza e pesca furtiva (sen permisos) ou indiscriminada.
3. Tráfico ou venda de animais salvaxes á marxe da lei que o regula.
4. Introducción de especies non autóctonas.
5. Talas indiscriminadas ou sen autorización.
6. Talas de árbores centenarias.
7. Abandono de animais.
8. Maltrato animal.
9. Envenenamento de animais.

EXEMPLOS DE LEIS BÁSICAS SOBRE A FAUNA:

- *Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro.*

- Decreto 130/1997, do 14 de maio, *polo que se aproba o regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais.*
- Lei 4/1989, do 27 de marzo, *do plan de recuperación de especies declaradas en perigo de extinción*
- Lei 4/1997, do 25 de xuño, *de caza de Galicia.*

EXEMPLOS DE LEIS BÁSICAS SOBRE A FLORA:

- *Lei 9/2001, de 21 de agosto, de Conservación da Natureza.*
- *Lei 8/1995, do 30 de outubro, do Patrimonio Cultural de Galicia.*
- *Lei 10/1995, do 14 de agosto, de Concentración Parcelaria.*
- *Lei 43/2003, do 21 de novembro, de Montes.*
Decreto 485/1962, do 22 de febreiro, de Regulamento de Montes.



Tipos de denuncias

As denuncias propiamente ditas son a *administrativa* e a *penal*. Son as máis comúns no eido ambiental para pór en coñecemento da Administración, Pública ou de Xustiza, a presunta agresión ao medio ambiente.

Se dita agresión é investigada e cualificada como infracción administrativa, será a propia Administración quen se encargue da búsqueda dos culpables e de imporlles a correspondente sanción.

Pola contra, se a agresión viola algún dos artigos do Código Penal, o cidadán poderá interpor unha denuncia ante o xulgado da localidade onde se está a cometer ese delito ecolóxico, e será o xuíz o encargado de mandar investigar o caso e atopar aos culpables para imporlles a correspondente pena.

Entre a denuncia administrativa e a denuncia penal existe outro mecanismo de defensa do medio ambiente: o **recurso contencioso-administrativo**. Interponse cando o cidadán demanda xudicialmente á Administración (isto é, a un concello ou a unha comunidade autónoma, a un ministerio, etc.), e ista produce “silencio administrativo”, é dicir, non contesta no prazo¹ legalmente establecido para facelo. É un recurso fronte á inactividade da Administración, ou cando o escrito de contestación emitido pola Administración fronte á denuncia formulada polo cidadán, non é conforme a dereito, isto é, non é legal.

¹ Se non ven fixado o prazo máximo noutras normas reguladoras, este será de tres meses.

En principio, as partes deben intervir no procedemento contencioso-administrativo obrigatoriamente asistidas por un avogado, sendo opcional a representación mediante procurador. Cando o procurador non intervéñ, as notificacións se lle entregarán ao avogado.

Pero ademais, a cidadanía conta con outros recursos á hora de denunciar un atentado ecolóxico. Poderá enviar un escrito ao Valedor do Pobo, o que se denomina “*Queixa ante o Valedor do Pobo*”; tamén poderá facer un escrito e enviarllo á Unión Europea, isto é, “*Queixa ante a Comisión Europea*” ou ben, “*Petición ante o Parlamento Europeo*”.

A denuncia administrativa

QUE É – INFRACCIÓN ADMINISTRATIVA

É a posta en coñecemento da autoridade administrativa competente (será unha administración europea, estatal, autonómica ou local) dalgunha infracción da normativa administrativa. Cunha denuncia administrativa, trátase de comunicar a realización duns feitos presuntamente ilegais para que, tras a tramitación dun expediente e a comprobación dos feitos, poidan ser sancionados pola autoridade administrativa competente.

É o que se coñece como **infracción administrativa**.

PARA QUE SERVE?

Para que a autoridade administrativa competente, unha vez investigados os feitos de agresión ecolóxica e a verificación

dos mesmos así como a identificación dos autores, impoña sancións aos culpables dos feitos denunciados.

QUEN A PODE EMPREGAR

Todos os cidadáns poden denunciar calquera acción que atente contra o medio ambiente. De feito, deberán denuncialo, posto que, en maior ou menor medida, afecta a todo o mundo, e é un deber dos mesmo.

MODELO DE DENUNCIA ADMINISTRATIVA

Á CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE DE... (ou o órgano administrativo correspondente)

D/D^a....., con DNI núm. e domicilio a efectos de notificacións en....., (C.P.....), [en nome e representación de, no seu caso], ante la Consellería (ou o órgano administrativo correspondente) comparezo, e como mellor proceda en dereito, DIGO

Que por medio do presente escrito veño a formular DENUNCIA contra ¹ por..... (sinalar a infracción que se denuncia) que se detallan no presente escrito.

A presente DENUNCIA baséase nos seguintes,

² FEITOS

PRIMEIRO...

SEGUNDO...

Aos presentes feitos lle son de aplicación os seguintes:

FUNDAMENTOS DE DEREITO³

I...

II...

En virtude do exposto,

SOLICITO que tendo por presentado este escrito, se sirva admitilo, e na súa virtude se teña por interposta DENUNCIA contra..... por , e previos trámites

legais oportunos, leve a cabo as actuacións necesarias para proceder a iniciar el procedemento sancionador contra os responsables da infracción, e en virtude do establecido no artigo 11.2 do Real Decreto 1389/93, de 4 de Agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, comuníque a esta parte as actuacións emprendidas con motivo da presente denuncia.

En..., a... de.....de 200...

Asdo:.....

¹ Aquí sinalamos ao presunto infractor e os seus datos persoais. En caso de que non os coñezamos, deberemos facilitar cantas indicacións podamos para facilitar a súa identificación.

² Sinalaremos os feitos con maior detalle posible, coidando que a súa redacción sexa clara e comprensible, e que ilustre sobre a infracción efectivamente cometida. O criterio máis sinxelo para expor os feitos nunha denuncia á o criterio cronolóxico ou temporal.

³ Non é obrigatorio expoñer os fundamentos xurídicos nunha denuncia, se ben resulta moi recomendable facelo, sinalando a lo menos os preceptos que se entenden infrinxidos.

A denuncia penal

QUE É – DELITO PENAL

É a posta en coñecemento da autoridade xudicial competente dalgún tipo que infrinxe a normativa penal.

É o que constituiría un **delito penal** contra o medio ambiente, o que xa se coñece como “*delito ecolóxico*”.

PARA QUE SERVE?

Para que a autoridade xudicial competente, unha vez investigados os feitos de agresión ecolóxica e a verificación

dos mesmos e a identificación dos autores, impoña o castigo correspondente pola comisión do delito ecolóxico que, ben pode conducir a prisión ou ao arresto de fin de semana ou, ben a unha pena de multa.

A pena de multa está incluída en case todos os delitos contra o medio ambiente e baséase na imposición dunha sanción monetaria.

QUEN A PODE EMPREGAR?

Todos os cidadáns poden denunciar calquera acción que atente contra o medio ambiente.

Cando a denuncia é iniciada polo cidadán existen, fundamentalmente, dúas fórmulas: a **denuncia** e a **querella**:

1. A **denuncia** é o mecanismo de posta en coñecemento duns feitos á autoridade competente (administración local, autonómica, estatal ou europea). A denuncia consiste na simple comunicación dos feitos.
2. A **querella** ten outras características, xa que é un tipo de denuncia suxeita a certos formalismos especiais e debe ser presentada e tramitada por un avogado e un procurador designados especialmente para o caso. De ser admitida esta querella polo xuíz, este poderá impor ao querellante (que é quen presenta a querella) unha fianza. O emprego da querella é interesante unicamente cando se trata dalgún caso

de especial gravidade e importancia no que interesa intervir activamente ou cando se sospeita que os órganos xudiciais van a actuar coa pasividade que caracteriza a moitos deles neste tipo de delitos.

MODELO DE DENUNCIA PENAL

AO XULGADO DE INSTRUCCIÓN DE... QUE POR TURNO CORRESPONDA^{1,2}

D/D^a....., con DNI núm., en nome e representación de... e domicilio a efectos de notificacións en..., comparezo e como mellor proceda

DIGO

Que por medio do presente escrito e conforme se dispón no artigo 265 da Lei de Enxuzamento Criminal veño a formular DENUNCIA contra... por un DELITO CONTRA..., tal e como se detalla a continuación.

A presente **DENUNCIA** baséase nos seguintes:

I. Que ...

II. ...

Aos expresados feitos lle son de aplicación os seguintes,

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Cos citados feitos poderían ser constitutivos do delito³ tipificado no artigo... do Código Penal, o cal dispón que...

Polo exposto,

AO XULGADO SOLICITO que tendo por presentado este escrito, coas súas copias se sirva admitir a presente **DENUNCIA** e acordar a tramitación da mesma coa maior urxencia, así como investigar os feitos denunciados ao obxecto de esclarecer as eventuais responsabilidades penais dimanantes dos mesmos.

En... a... de... de 200...

Asdo. ...

¹ Recorreráse á denuncia penal en lugar de á administrativa cando os feitos que pretendamos denunciar podan ser constitutivos de delito. É dicir, cando estean tipificados como tal no Código Penal. Os delitos contra o medio ambiente regúlanse no Título XVI do CP, artigos 319 a 340. Os delitos de incendio tipifícanse nos artigos 351 a 358.

² Tamén podemos dirixir nosa denuncia á Garda Civil (especialmente ao Servizo de Protección da Natureza –SEPRONA- da localidade) ou á Fiscalía.

³ Por exemplo, “do delito contra a fauna tipificado no artigo 334.1 do Código Penal”.

A queixa ante o Valedor do Pobo

O Valedor do Pobo vai tramitar as queixas que versen sobre a protección e defensa dos dereitos fundamentais, a defensa das persoas fronte aos organismos públicos, a mediación entre cidadanía e Administración, a supervisión da actividade das Administracións e propostas para beneficiar a toda a cidadanía.

Ao igual que o resto de ferramentas legais anteriormente citadas, a queixa perante o Valedor poderá exercerse por calquera persoa física ou xurídica.

MODELO DE QUEIXA ANTE O VALEDOR DO POBO

D/Dª....., con DNI núm. e domicilio a efectos de notificacións en..... , (C.P.....), [en nome e representación de, no seu caso], comparece, e como mellor proceda,

EXPÓN

I. Que...

II. ...

(Aquí razoara con claridade o acontecido e facer referencia á solicitude presentada, a falta de contestación, a contestación negativa en data tal, a resposta non satisfactoria etc. Facer, así mesmo, mención de todos os documentos que consideremos útiles numerándoos e achegando unha copia de cada un deles ao escrito: a solicitude, a contestación denegando a pretensión etc., segundo o caso).

Polo exposto,

SOLICITA que tendo por presentado este escrito e *(no seu caso)* os documentos que a el se acompañan, se digne admitilo, tramitar a queixa que se formula e ordenar a investigación pertinente en relación cos feitos que se relatan, ditando resolución, na súa virtude....

En..., a... de... de 200...

Asdo.:

A queixa ante a Comisión Europea e a petición ante o Parlamento Europeo

A **queixa** é un dos instrumentos que a cidadanía ten na súa man emanado pola Unión Europea e para o caso de infrinxirse normativa dictada por Europa, isto é, Regulamentos ou Directivas (son a normativa ambiental europea máis frecuente), que son instrumentos legais que obrigan aos Estados.

Recentemente a Unión Europea ven de crear un novo e práctico instrumento para o seu emprego por grupos de organizacións, ben sexan ecoloxistas ou doutra índole, e son as **queixas horizontais ou transversais**, en base as cales

estes grupos organizados poden presentar conxuntamente unha queixa común sobre un mesmo tema, entendéndose por tal, augas, verquidos, minería, etc., acontecido no territorio do Estado pero coa posibilidade de que se estean a producir en distintos lugares xeográficos. Está comprobada a súa efectividade respecto ás queixas individuais.

É recomendable que antes da interposición dunha queixa ante a Comisión Europea se tramite unha **petición** ante o Parlamento Europeo. O contido da petición debe versar sobre a normativa europea (Directiva ou Regulamento).

Deben sinalarse moi minuciosamente as infraccións ambientais que se cometen.

A Comisión de Peticións non toma en consideración as simples solicitudes de información.

Finalmente, existe unha última ferramenta a tramitar ante Europa e é a **pregunta** ao Parlamento Europeo. Estas preguntas son contestadas en 2 ou 3 meses e versan sobre a infracción de lexislación comunitaria. É unha forma rápida e eficaz. O propio PE pode lanzar preguntas, a súa vez, á entidade, ben sexa un particular ou unha organización, que inicialmente formula a pregunta ou solicitar información á autoridade competente do Estado membro.

MODELO DE QUEIXA ANTE A COMISIÓN EUROPEA

Comisaria Europea de Medio Ambiente

Dirección Xeral XI – Medio Ambiente

Unidade de Asuntos Xurídicos

UNION EUROPEA

Rue da Loi 200, B-1049 Bruxelas (Bélxica)

Datos do denunciante (1)

Mediante o presente escrito, presento formalmente QUEIXA diante da UNION EUROPEA polo incumprimento da normativa europea de medio ambiente por parte de diversas autoridades administrativas do Estado Español, en relación cos

Feitos que se expoñen.

FEITOS (2)

ESTADO, ORGANIZACIÓN OU EMPRESA Á QUE SE DENUNCIA (3)

INFRACCION ALEGADA E PREXUÍZOS (SE EXISTEN)

ACCIÓNS E PETICIÓNS EMPRENDIDAS DIANTE DAS AUTORIDADES NACIONAIS OU COMUNITARIAS (4)

ACCIÓNS XUDICIAIS (SE EXISTEN) (5)

DOCUMENTOS E OUTROS ELEMENTOS DE PROBA (6)

Polo exposto e respectuosamente

SOLICITO DA DIRECCION XERAL DE MEDIO AMBIENTE (D.G. XI) sírvasse admitir o presente escrito e a documentación que se acompaña en calidade de QUEIXA e, tras a pertinente tramitación, adoptar as decisións que procedan para facer cumprir o Dereito comunitario e evitar o dano medioambiental, que se está producindo (ou que pode producirse).

Solicito ademais procedase a verificar o cumprimento íntegro da normativa europea de protección do medio ambiente nos proxectos para os que se han concedido Fondos de cohesión ou calquera outra axuda económica europea, adoptando as decisións que procedan.

O que solicito en ... (7)

Asdo.:

- (1) Datos, incluída nacionalidade
- (2) Narrar os Feitos aos que se refire a denuncia coa maior extensión e precisión posible
- (3) Se hai varios órganos da Administración implicados, especificar o papel de cada un deles
- (4) Detallar outras accións administrativas (peticións, denuncias...) que se realizaran diante da Administración e a resposta ou estado legal en que poidan encontrarse.
- (6) MOI IMPORTANTE. Aportar todo tipo de elementos de proba de que se dispoña (documentos, fotos, vídeos,...). Ter en conta que non se van trasladar inspectores a facer comprobacións e a Queixa vaise resolver cos datos que se aporten e os que posteriormente poida aportar a Administración do Estado implicado.
- (7) Lugar e data.

MODELO PETICIÓN ANTE O PARLAMENTO EUROPEO

Parlamento Europeo

The President of the European Parliament
Rue Wiertz
B-1047 Bruxelas (Bélgica)

Datos do denunciante (1)

Mediante o presente escrito, presento formalmente PETICIÓN diante da UNION EUROPEA polo incumprimento da normativa europea de medio ambiente por parte de diversas autoridades administrativas do Estado Español, en relación cos

Feitos que se expoñen.

FEITOS (2)

ESTADO, ORGANIZACIÓN OU EMPRESA Á QUE SE DENUNCIA (3)

INFRACCION ALEGADA E PREXUÍZOS (SE EXISTEN)

ACCIÓN E PETICIÓN EMPRENDIDAS DIANTE DAS AUTORIDADES NACIONAIS

OU COMUNITARIAS (4)

ACCIÓN XUDICIAIS (SE EXISTEN) (5)

DOCUMENTOS E OUTROS ELEMENTOS DE PROBA (6)

Polo exposto e respectuosamente

SOLICITO AO PARLAMENTO EUROPEO sívase admitir o presente escrito e a documentación que se acompaña en calidade de PETICIÓN e, tras a pertinente tramitación, adoptar as decisións que procedan para facer cumprir o Dereito comunitario e evitar o dano medioambiental, que se está producindo (ou que pode producirse).

Solicito ademais procédase a verificar o cumprimento íntegro da normativa europea de protección do medio ambiente nos proxectos para os que foron concedidos Fondos de cohesión ou calquera outra axuda económica europea, adoptando as decisións que procedan.

O que solicito en ... (7)

Asdo.:

- (1) Datos, incluída nacionalidade
- (2) Narrar os feitos aos que se refire a denuncia coa maior extensión e precisión posible
- (3) Se hai varios órganos da Administración implicados, especificar o papel de cada un deles
- (4) Detallar outras accións administrativas (peticións, denuncias...) que se realizaran diante da Administración e a resposta ou estado legal en que poidan encontrarse
- (5) Explicar se se interpuxeron denuncias ou recursos diante dos Tribunais e o estado en que poidan atoparse
- (6) **MOI IMPORTANTE.** Aportar todo tipo de elementos de proba de que se dispoña (documentos, fotos, vídeos,...). Ter en conta que non se van trasladar inspectores a facer comprobacións e a Queixa se vai resolver cos datos que sexan aportados e os que posteriormente poida aportar a Administración do Estado implicado.
- (7) Lugar e data.

A denuncia ante o Ministerio Fiscal

O Fiscal actúa para promover o cumprimento da lei. A lei é froito da vontade popular expresada a través dos seus representantes e, xa que logo, o Ministerio Fiscal vela especialmente porque se cumpra; con iso fai que se satisfaga o interese social, que é o interese de todos; por iso, cando o Fiscal actúa diante dos Tribunais non está representando o interese dunha persoa concreta, senón o de toda a sociedade, a quen interesa que a lei sexa cumprida.

O Fiscal é un funcionario público retribuído polo Estado. O cidadán non ten que pagar ao Fiscal polo traballo que este realiza, aínda que sexa no seu específico interese.

O único que o cidadán debe ter en conta á hora de presentar un escrito á Fiscalía, é que debe basearse nun tipo penal, aínda que isto veuse debatendo no eido xudicial e xa non é un requisito imprescindible; debe basearse en algo xa acontecido e sinalar o momento no que aconteceu, por tanto, os feitos; os feitos deben ser constitutivos de delito, e non de infracción e, finalmente, débense concretar imputacións e persoas responsables dos presuntos feitos provocadores da agresión ecolóxica.



Lexislación ambiental

- **Lei 27/2006, do 18 de xullo**, *sobre o dereito de acceso á información ambiental, o dereito de participación da cidadanía e o dereito de acceso á xustiza*.

Esta normativa representa o dereito que ten a cidadanía de:

- a) solicitar información ambiental que obre en mans das autoridades competentes;
- b) participar naqueles procedementos que incidan directa ou indirectamente no medio ambiente e que, tanto a súa elaboración e aprobación, dependan da Administración.
- c) acceder á xustiza en asuntos medioambientais por parte de calquera cidadán ou organización ecoloxista.

En canto ao acceso á información en materia de medio ambiente, establécese que calquera persoa, sen restricción de nacionalidade ou lugar de residencia, ten dereito a solicitar a información medioambiental que estea en poder das autoridades públicas. O concepto de información defínese dun modo amplo. Esta información poderá denegarse unicamente sobre a base dunha lista de excepcións que se especifica e que debe ser interpretada de modo restritivo. Tamén se recolle a esixibilidade de que as autoridades públicas axuden ás persoas coas súas solicitudes.

En canto á participación pública, deberá outorgarse ao público interesado o dereito de participación na toma de decisións medioambientais, proporcionándolle de modo rápido e eficaz

a oportunidade de presentar as súas opinións antes da toma dunha decisión.

Por último, o acceso á xustiza. Establece que sexa un tribunal ou órgano similar o que leve a cabo a revisión das decisións relativas aos dous aspectos anteriores. Así mesmo, senta as bases para a revisión dos actos ou omisións por parte de autoridades públicas ou persoas privadas que contraveñan o dereito ambiental nacional.

Ademais, esíxese que os procedementos sexan obxectivos, equitativos e rápidos, sen que o seu custe sexa prohibitivo e que proporcionen solucións xurídicas adecuadas e eficaces.

MODELO PETICIÓN DE INFORMACIÓN AMBIENTAL

D., maior de idade, DNI número, con domicilio para notificacións en, rúa, número, teléfono, fax, en nome propio, ou en nome de, que ten acreditada a representación mediante, perante, autoridade pública ambiental competente, como mellor proceda en dereito comparece e,

EXPÓN:

Que a información ambiental consistente en, e que a seguir detállase, está en poder da Administración Pública (ou en poder doutros suxeitos que a posúen no seu nome), e resulta necesario o seu acceso a este solicitante por canto vai ser utilizada dentro do marco legal establecido.

Que de conformidade co establecido no artigo 3.1 da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, de acordo co que establece a lei, e sen abusar dos dereitos concedidos na mesma, desexa exercitar o seguinte dereito nos termos expresados neste escrito:

a) Acceder á información ambiental que obre en poder das autoridades públicas (ou no doutros suxeitos no seu nome) sen que para iso estean obrigados a

declarar un interese determinado calquera que sexa a súa nacionalidade, domicilio ou sede.

b) Ser informado dos dereitos que lle outorga a lexislación vixente sobre dereito de acceso á información ambiental neste asunto, en concreto sobre, e a ser asesorado para o seu correcto exercicio.

c) Ser asistido polo persoal correspondente dese departamento na busca da información, especialmente a consistente en, xa que sen a asistencia necesaria en orde á correcta localización o dereito quedaría baleiro de contido.

d) A recibir a información sobre, na forma ou formato de, de acordo coas limitacións legais establecidas.

e) A coñecer os motivos polos cales non se facilitou información, total ou parcial sobre, e os motivos polos que non se facilitou a información na forma ou formato solicitados.

f) A coñecer o listado de taxas e prezos que, se é o caso sexan esixibles para a recepción da información solicitada, así como as circunstancias nas que se poida dispensar ou eximir de pagamento.

En virtude do exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentado este escrito, xunto coa documentación que se acompaña e, de conformidade co manifestado no mesmo, concédase o dereito de acceso á información solicitado nos prazos legais e na forma e contidos expresados anteriormente.

MODELO PARTICIPACIÓN PÚBLICA EN MATERIA AMBIENTAL

D., maior de idade, DNI número, con domicilio para notificacións en, rúa, número, teléfono, fax, en nome propio, ou en nome de, cuxa representación ten acreditada mediante, perante, esa autoridade pública ambiental, como mellor proceda en dereito comparece e,

EXPÓN:

Que de conformidade co establecido no artigo 3.2 da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, quen subscribe, por medio

do presente escrito solicita exercitar o seu dereito de participación pública con respecto ao plano/programa/disposición que a seguir sinalase, e con respecto ao cal pretende exercer o seguinte dereito de participación:

- a) Participar de maneira real e efectiva, na elaboración, modificación e revisión daqueles planos, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co medio ambiente.
- b) A acceder, con antelación suficiente, á información relevante relativa aos plans, programas e disposicións de carácter xeral relacionados co medio ambiente que están sendo promovidos ou van a selo por esa autoridade ambiental.
- c) A formular alegacións cando aínda estean abertas todas as opcións e antes de que se adopte a decisión sobre os mencionados plans, programas ou disposicións de carácter xeral e a que sexan tidas debidamente en conta.
- d) A participar na tramitación das autorizacións reguladas no ámbito da prevención e o control integrados da contaminación, organismos modificados xenéticamente, Avaliación de Impacto Ambiental, planificación hidráulica e avaliación estratéxica.

En virtude do exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentado este escrito, xunto coa documentación que se acompaña e, de conformidade co manifestado no mesmo, concédase o dereito de participación pública no asunto ambiental referenciado na forma e contidos expresados anteriormente.

MODELO ACCESO Á XUSTIZA EN MATERIA AMBIENTAL

D., maior de idade, DNI número, con domicilio para notificacións en, rúa, número, teléfono, fax, e-mail, en nome propio, ou en nome de, cuxa representación ten acreditada mediante, perante, esa autoridade pública ambiental, como mellor proceda en dereito comparece e

EXPÓN:

Que de conformidade co establecido no artigo 8 da Lei 27/2006, de 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, esa autoridade competente

en materia de medio ambiente está obrigada a cumprir coa seguinte obriga:
"As Administracións públicas elaborarán e publicarán, como mínimo, cada ano un informe de conxuntura sobre o estado do medio ambiente e cada catro anos un informe completo.

Estes informes serán de ámbito nacional e autonómico e, se é o caso, local e incluírán datos sobre a calidade do medio ambiente e as presións que este sufra, así como un sumario non técnico que sexa comprensible para o público".

Que na data presente non coñécese a existencia do informe anual correspondente ao exercicio do ano ..., polo que se impide o exercicio dun dereito de senlleira importancia para o coñecemento da xestión ambiental en todos os ámbitos profesionais afectados e no das organizacións defensoras do medio ambiente.

En virtude do exposto,

SOLICITA:

Que se teña por presentado este escrito, xunto coa documentación que se acompaña e, de conformidade co manifestado no mesmo, se infórmelle do motivo da inexistencia do informe sobre o estado do medio ambiente ou, en caso de estar elaborado, se poña a disposición deste solicitante.



Lexislación ambiental galega

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en
Sistema de Información Ambiental de Galicia **AMBILEX**:
http://www.siam-cma.org/siam/template_lexislacion.jsp

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible en
Sistema de Información de Residuos de Galicia **SIRGA**:
<http://sirga.medioambiente.xunta.es/>

Diario Oficial de Galicia **DOG**:
<http://www.xunta.es/diario-oficial>



Esta guía pretende ser unha realidade cotiá na vida do cidadán, fomentando e animando a facer posible un medio ambiente sostible, co seu aporte individual, e coas súas denuncias.

A lexislación está feita para seren cumprida, e diso somos responsable todas e todos.



**Amigos
da Terra**



Amigos da Terra

Amigos da Terra é unha asociación que sempre destacou por plantexar unha actitude de defensa do medio ambiente, realista e constructiva, que apoia aquelas iniciativas que van xurdindo e axuda a mellorar o noso entorno dende a práctica e a acción.

A nosa Misión é fomentar o cambio local e global cara unha sociedade respectuosa co medio ambiente, xusta e solidaria.

Faite soci@!

**Rúa da Concordia, 20 - 2º esquerda
32003 Ourense
988 374 318 · info@amigosdaterra.net
www.amigosdaterra.net**

**Grupo Comarcal de Pontevedra
Apdo. de correos 1293
36280 Vigo
vigo@tierra.org**



Co apoio de:



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE